

PEZA DO MES

febreiro

2022



BRAZALETE
CASTRO DE SAN CIBRAO DE LAS

Brazalete. Castro de San Cibrao de Las

Brazalete

Bronce fundido

Século I a. C.

Castro de San Cibrao de Las

Nas últimas escavacións arqueolóxicas levadas a cabo no Castro de San Cibrao de Las sucedéronse un bo número de achados de obxectos de adorno persoal realizados en bronce, entre os que destaca este brazalete, a cuxo estudo queremos achegarnos co propósito de animar os novos investigadores a facer un estudo en profundidade. E non só del, que a súa calidade o reclama, senón doutros, de diferentes tipoloxías, que o museo conserva procedentes do citado castro, e dos que aquí só faremos unha análise superficial.

Dende que Cuevillas en 1932, no seu artigo «Los brazaletes posthallstáticos del noroeste hispánico», en *Archivo de Arte y Arqueología*, organizara a súa clasificación formal en varios grupos, con independencia do material básico de fabricación, e achegara unha revisión xeral sobre a súa produción rexional, non se volveu retomar o seu estudo de maneira sistemática. É hora de incorporar novos achados e outras áreas setentrionais.

A peza en cuestión é un brazalete de bronce, elíptico e de sección triangular, fundido en cera perdida, de dimensións pequenas: eixe maior 5,8; eixe menor 4,26; anchura 0,9 e un peso de 23 g. Está formado por unha fina moldura a xeito de crista, coidadosamente decorada con dezanove círculos concéntricos a ambos os dous lados, e con vinte e cinco perforacións circulares, perfectamente realizadas, na pequena pestana que sobresa. Os extremos están rematados mediante varias acanaladuras e sendas cabezas zoomórficas, probablemente, parrulos. O seu estado de conservación é magnífico; presenta unha pátina intensa, continua, cubrinte e case uniforme de cor verde malaquita.

As súas pequenas dimensións fannos pensar que só puido lucilo un neno ou unha nena, a quen se lle debeu colocar como adorno e amuleto cando era moi pequeno, quizais para que o levase toda a vida. Así parece ser no caso dos brazaletes de bronce que adornaban os brazos da muller enterrada na cova de Fontenegro (Asturias); un deles tan axustado ao pulso do brazo que só se pode entender como un agasallo infantil que crecera con ela, que nunca o sacara e que o levara para protexela ao longo da vida, e máis aló da morte.

Foi achado no ano 2000, nunha vivenda con varios niveis de ocupación, denominada polos arqueólogos directores da escavación, Yolanda Álvarez Porto e Luís Francisco López González, como *Unidad 1*. O espazo fora escavado a finais dos anos 1980, cun sistema de cuadrículas, que dividían a área en cortes de 4 x 4 m, polo que a maioría do complexo estaba completamente escavado. En concreto, o brazalete apareceu baixo o derrubamento da habitación auxiliar A1, onde apareceu ademais un muíño circular, así como unha ola grande, de 36 cm de diámetro de boca, un coitelo de ferro e fragmentos cerámicos pouco significativos. Este espazo circular, identificado como cociña, tiña un fogar case centrado, de forma circular, con fondo e paredes laterais de barro recocido e queimado, pechado na parte superior por unha grella, tamén de barro, con perforacións circulares, que apareceu fragmentada e diseminada en varios puntos do recinto. O piso era compacto e moi endurecido, pero con importantes sinais de incendio e carbón.

A vivenda está cerca do alxibe e da entrada principal, facendo esquina na confluencia entre a vía principal de acceso á croa e outra secundaria, que transcorre paralela á muralla. Como é común no xacemento, a vivenda artículase ao redor dun gran patio central, cara ao que conflúen as diferentes dependencias, almacéns, cortes, cociña e lugares de traballo.

Noutras dependencias, ademais do material antes citado, aparecen as formas cerámicas habituais do repertorio do xacemento: vasos cilíndricos, de diferentes tamaños e decoracións, un deles coa base perforada para usar como asador ou queixeira, olas de mediano tamaño con ombreiros decorados e bordos facetados, ademais doutros obxectos metálicos como un broche de cinto formado por tres barras de ferro de sección circular, soldadas entre si e decorado nun extremo cun botón de bronce, alfinetes e fíbulas en omega. A presenza de produtos cerámicos alóctonos é anecdótica. Nas escavacións do ano 1987 documéntanse algúns fragmentos de ánfora, incluída unha asa, e pouco máis.

No repertorio de brazaletes de bronce da Idade de Ferro do noroeste non atopamos un paralelo claro ao que podemos referirnos. Só, no propio castro, outra peza en peor estado de conservación, mostra características similares: molduras e calados circulares. Ambas son pezas excepcionais. Os coñecementos tecnolóxicos, case de ourive, que supón a súa elaboración relaciónaos, salvando as lóxicas diferenzas cronolóxicas e materiais, cos brazaletes tipo Villena-Estremoz e co desaparecido de Toén.



BRAZALETE NÚM. 2. CASTRO DE SAN CIBRAO DE LAS

Do mesmo xacemento son dous fragmentos máis realizados a partir dunha lámina de bronce, con sección cóncavo-convexo, decorados con perlados e sogueados, que mostran unha certa afinidade cun pequeno fragmento de brazaletes achado en Saceda e cos exemplares con cuarteiróns do Monte Castrelo de Pelóu, en Grandas de Salime que, con todas as reservas, podemos relacionar co «grupo b» de Cuevillas, constituído por brazaletes de ouro con estrutura laminar e superficie con cuarteiróns.

Outro fragmento realizado nunha varíña con remate troncocónico e dobre moldura podería relacionarse formalmente con brazaletes, maioritariamente fabricados en ouro, cuxa morfoloxía é moi similar á dos torques castrexos da Segunda Idade do Ferro, que rematan os seus extremos, como aqueles, con terminais voluminosos que na súa maior parte presentan perfís angulares. López Cuevillas integrou estes brazaletes no seu «grupo d» en dobre moldura.

Moi diferente ás pezas anteriores é unha pulseira realizada cun arame de sección circular, máis grosso no centro que cara aos seus extremos. Un nó corredizo formado por 5 espirais e un arco que os envolve no seu centro permitiría axustar o diámetro do brazaletes ao pulso. É un deseño sinxelo e práctico que atopamos en case todas as culturas e épocas, sendo moi común en todo o Imperio Romano.

Este tipo de pezas, tanto polas súas características morfolóxicas como pola súa composición metalográfica, foron realizadas localmente, aínda que mostran estreitas coincidencias coas doutras rexións atlánticas e son herdeiras dos modelos e

técnicas do horizonte do Bronce Final. Na transición Bronce Final-Ferro encontramos pezas fabricadas sobre grosas varíñas macizas de sección poligonal ou curvilínea, abertas ou pechadas, a maioría lisas e pesadas. Os que presentan decoración repiten sempre un esquema parecido: motivos xeométricos de puntos e liñas paralelas ou oblicuas que reproducen debuxos en espiga, rombos ou aspas, motivos que parecen impregnar toda a produción material do momento. Motivos xeométricos realizados a buril presentan os brazaletes do Neixón Pequeno e Torroso. O mesmo horizonte cronolóxico comparten os dous achados na cova asturiana de Fuentenegro; os descubertos no castro de Campa Torres, datados no século VI-V a. C., e o coetáneo do castro de Camoca; tamén liso e da Primeira Idade do Ferro é o do Castro de Viladafonso (Pontevedra). Algo máis tardío é o exemplar de Coaña, unha peza maciza fundida en cera perdida, decorada con motivos sogueados en espiga. Completan o inventario de posibles adornos de brazo dous exemplares procedentes do castro de Santa Trega, elaborados sobre varíñas de bronce, burilados con finas incisións que os aproximan aos modelos máis comúns da Idade do Ferro. Os fragmentos de pulseira de Laias e Ourantes, máis finos e con remates de ofidios e parrulos, teñen claros paralelos na cultura de La Tène.

Parece claro, como sucede en San Cibrao de Las, que cara a fins da Idade do Ferro o adorno do corpo parece converterse nunha quenenza para mulleres e homes, como hoxe, polo mero gusto de campar e marcar as diferenzas de status, idade ou estado.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

De martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

Domingo: 9.00 a 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Ana María Veiga Romero

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco